

ACTA NÚMERO: 23/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 4 DE XULLO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 4 de xullo de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de xuño de 2024 (Reunión 22/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresaria M^a Xosé Silvar Fernández, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Sés, con cargo ao programa “+Música 2024”. (Expte.- 2024029767).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, (CIF B94078318), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Anxo Lorenzo, con cargo ao programa “+Música 2024”. (Expte.- 2024035414).*
4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, Odaiko Krea SL, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Leirabuxo con cargo ao programa “+Música 2024”. (Expte.- 2024038064).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).*
6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con*



destino á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).

- 7. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de xuño de 2024 (Reunión 22/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de xuño de 2024 (Reunión 22/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresaria M^a Xosé Silvar Fernández, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Sés, con cargo ao programa "+Música 2024". (Expte.- 2024029767).

Por Resolución Presidencial RP2024004488, de data 31 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Sés con cargo ao programa +Música 2024, cun valor máximo estimado de 24.200 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresaria, MARIA XOSE SILVAR FERNANDEZ (46901054Y), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de licitación electrónica de Deputación de Pontevedra (Vortal).

MARIA XOSE SILVAR FERNANDEZ (46901054Y) presentou a correspondente proposición o 5 de xuño do 2024, e unha vez examinada a documentación, a empresaria resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.000 €
IVE (21 %)	4.200 €
Importe ofertado con IVE	24.200 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresaria, MARIA XOSE SILVAR FERNANDEZ (46901054Y), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Sés con cargo ao programa +Música 2024.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, (CIF B94078318), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Anxo Lorenzo, con cargo ao programa “+Música 2024”. (Expte.- 2024035414).

Por Resolución Presidencial nº 2024005113, de data 14/06/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, da contratación de dúas actuacións do grupo Anxo Lorenzo con cargo ao Programa +Música 2024”.

Na mesma resolución, acordouse invitar á empresa Odaiko Krea, S.L. (CIF: B94078318) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL) que se produce o 17/06/2024.

A empresa Odaiko Krea, S.L. (CIF: B94078318) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Prezo ofertado por 2 actuacións:

Importe ofertado sen IVE	16.000,00€
IVE (21 %)	3.360,00€
Importe ofertado con IVE	19.360,00€

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea S.L., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Anxo Lorenzo con cargo ao Programa + Música 2024.

4. Dar conta da oferta presentada pola empresa, Odaiko Krea SL, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Leirabuxo con cargo ao programa “+Música 2024”. (Expte.- 2024038064).



Por Resolución Presidencial número 2024005280, de data 21 de xuño de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Leirabuxo con cargo ao programa +Música, cun valor máximo estimado de 19.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa Odaiko Krea, S.L. (NIF: B94078318), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 21/06/2024.

A empresa Odaiko Krea, S.L. (NIF: B94078318) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	15.702,48 €
IVE (21 %)	3.297,52 €
Importe ofertado con IVE	19.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Odaiko Krea, S.L. (NIF: B94078318), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Leirabuxo con cargo ao programa +Música 2024.

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (Programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.-2023044745).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 26 de abril de 2024 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 30-04-2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/05/2024. Así mesmo,



publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 06/06/2024 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- -Iberdrola clientes SAU (CIF A-95.758.389)
- -Imesapi SA (CIF A-28.010.478)
- -Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905)
- -Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143)
- -Wenea Urban SLU (CIF B-42.896.266)
- -Sociedad española construcciones eléctricas R SA (CIF A-08001182)
- -Energea consulting y asesores SL (CIF B-70.255.690)
- -Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806)

Así mesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cooperación a efectos da súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 27/06/2024 en base o informe de valoración emitido con data 24/06/2024 polo Enxeñeiro do Servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez Nieves e a Xefa do Servizo de Cooperación co (CSV) X2AE48DCA0GKBCN2 acordou prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas, sendo ditas puntuacións as seguintes:

Criterios	Puntuación máxima	ECOGAL	ELECTRICIDAD HERMANOS REQUEJO SL	ENERGEA	FELIX Y VIÑAS S.L.U.	IBERDROLA	IMESAPI	SECE	WENEA
Descrición dos traballos a realizar	10	6,5	2	8	4,5	5,5	9,5	8	4,5
Calidade dos cargadores eléctricos	20	16	10	17,5	8,5	15	17,5	14,5	14
Calidade do resto de compoñentes	10	8	2,5	6,5	4	1	7	8	8
TOTAIS	40	30,5	14,5	32	17	21,5	34	30,5	26,5

A Mesa de Contratación na reunión do día 27 de xuño de 2024 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (20,00 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas sendo os valores ofertados os seguintes:

Empresas	Prezo ofertado (sen ive)	IVE (21%)	Prezo ofertado (ive engadido)
Iberdrola clientes SAU	215.977,00 €	45.335,17 €	261.332,17 €
Imesapi SA	225.271,88 €	47.307,09 €	272.578,97 €



Wenea Urban SLU	209.800,00 €	44.058,00 €	253.858,00 €
Sociedad española construcciones eléctricas SA	231.137,73 €	48.538,92 €	279.676,65 €
Energiea consulting y asesores SL	215.719,91 €	45.301,18 €	261.021,09 €
Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL	210.199,15 €	44.141,82 €	254.340,97 €

Procedeuse de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (8MFYRLXV8E15IXTG) son as seguintes:

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
Iberdrola clientes SAU	21,50	53,895	75,395
Imesapi SA	34,00	45,401	79,401
Wenea Urban SLU	26,50	60	86,50
Sociedad española construcciones eléctricas SA	30,50	39,513	70,013
Energiea consulting y asesores SL	32,00	54,149	86,149
Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL	30,50	59,605	90,105

A Mesa de Contratación acorda:

1.-Propor ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143) e Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905) ao non acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos).

2.- Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto e que non resultaron excluídas, que queda da seguinte forma:

Empresas	Clasificación	Puntuación total
Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL	1ª	90,105
Wenea Urban SLU	2ª	86,50
Energiea consulting y asesores SL	3ª	86,149
Imesapi SA	4ª	79,401
Iberdrola clientes SAU	5ª	75,395
Sociedad española construcciones eléctricas SA	6ª	70,013



2.- Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato a empresa ECOGAL ENERGIAS RENOVABLES AUTOCONSUMO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA, S.L.

6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2024003392).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o concurso público para a contratación do “Arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa”, convócase mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 25 de abril de 2024.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 16 de maio de 2024, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, e dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación xeral presentada nos sobres “A” polas empresas licitadoras a este procedemento, os empresarios admitidas foron as seguintes:

- Don José Manuel del Río Roma (DNI: 35407110J)
- Dona Ángela Otero Bermúdez (DNI: 35441097Y)

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación do sobre “B” ao persoal técnico do servizo ORAL e Arquitectura, para que avalíase e ponderase a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores de este procedemento.

O servizo ORAL remite informe do servizo de Arquitectura, de data 28 de xuño de 2024, co nº CSV DUO7RYG4GB52ZGVH, concluíndo o seguinte:

“Logo de analizar a documentación presentada, de realizar unha visita de inspección aos locais ofertados o 25.06.2024, e tendo en conta os requisitos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas do expediente de referencia, conclúese que ambos locais



ofertados CUMPREN en liñas xerais cos requisitos técnicos esixidos no dito prego, obtendo as seguintes puntuacións:

LOCAL	CUMPRIMENTO DO APARTADO 2 DO PPT	PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS (Apartado 9.1)
Local 1 (Ángela Otero Bermúdez)	CUMPRE	15,00
Local 2 (José Manuel del Río Roma)	CUMPRE	22,00

A Mesa de Contratación acorda:

- Prestar conformidade ás puntuación acadadas polos licitadores na valoración técnica do sobre “B”, en base ao informe emitido polo persoal técnico do Servizo de Arquitectura, de data 28 de xuño de 2024.
- Que non se proceda a apertura do sobre “C” da oferta presentada pola licitadora, Ángela Otero Bermúdez (DNI: 35441097Y) por non acadar o mínimo da puntuación do 50% requirida no prego no cláusulas económico-particulares.

7. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento convocado para a contratación privada do arrendamento dun local con destino á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.-2024003392).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre B correspondente aos xuízos de valor en base ao informe elaborado polo persoal técnico do servizo de Arquitectura, procede a continuación a apertura dos sobres C da documentación correspondente aos criterios avaliables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” da documentación correspondente aos



criterios avaliados mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados por Don José Manuel del Río Roma (DNI: 35407110J), única empresa que acadou o mínimo de puntuación do 50%, foron os seguintes:

Prezo do aluguer mensual:

Prezo mensual ofertado sen IVE	650,00 €
IVE (21%)	136,50 €
Importe total mensual	786,50 €

Prezo do aluguer por cinco anos:

Prezo ofertado sen IVE (5 anos)	39.000,00 €
IVE (21%) (5 anos)	8.190,00 €
Importe total de la oferta (5 anos)	47.190,00 €

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e once minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

